

LA SEMANA POR DELANTE

Alerta turística

Todo, se mire por donde se mire, pinta mal para la principal industria de Santiago, la del turismo. Se confirma la debilidad del aeropuerto de Lavacolla como primera puerta de entrada de visitantes a Galicia, pese a que en octubre —30.000 pasajeros menos— apenas ha tenido todavía incidencia el recorte de vuelos de la temporada de otoño-invierno, en especial el rejonazo aplicado por Ryanair al suprimir su base operativa en la terminal y el 80 % de sus servicios. Y, lo que es peor aún, el empeoramiento de factores que alertan de una tendencia galopante a la debilidad estructural del sector, tal como han puesto claramente de manifiesto los hoteleros a la vista de los datos de demanda en septiembre, que tradicionalmente es el mejor mes del año en la ciudad, al caer al 83 %, cuatro puntos menos. Retrocede la ocupación de los establecimientos y el endémico problema de la escasa capacidad de retención de visitantes se agrava, con un ridículo promedio de 1,67 días de estancia, el peor registro de las ciudades del norte de España, así como el índice de rentabilidad de los alojamientos por plaza ocupada este verano, con Vigo y, sobre todo, A Coruña, superando por goleada a la capital gallega en sus evoluciones respecto al mismo período del año pasado, según el balance que ha hecho público Exceltur. Y por si todo esto no fuese preocupante, por cuanto sugiere un cambio de tendencia que va a ser difícil de remontar en el corto o medio plazo, ahora resulta que la solidez del turismo religioso, el vinculado a las peregrinaciones, puede tambalearse por la decisión unilateral del Cabildo de la Catedral de que se puede obtener la compostela realizando en Galicia únicamente la última etapa del Camino elegido, o sea, desde Arca en el Francés o desde Padrón en el Portugués, por ejemplo. El resto se puede hacer en cualquier parte de las rutas en territorio español o incluso en el extranjero. Puede que Santiago ciudad se resienta poco, porque los peregrinos, sí o sí, tienen que llegar a la Catedral, pero que se lo digan a los amplios sectores que viven del Camino en Melide o Arzúa, por citar a dos comarcas del área de Santiago directamente afectadas. Se desmasificará Sarriá, de acuerdo, pero énon estaremos tirando pedras contra nuestro propio tejado?

PATRIMONIO A SUBSTITUTA DA BERENGUELA QUE ESCOITA TODA COMPOSTELA

A campá maior da catedral que marca as horas en Santiago cumpre 350 anos

O autor da peza foi o mestre fundidor cántabro Juan Vélez de Palacio

XOSÉ TROIANO

A campá grande da torre das campás está de aniversario; sen embargo, non é a máis grande da catedral de Santiago, xa que esta honra tena a Berenguela, pendurada noutra torre coñecida como a Torre do Reloxo, e que conta cunhas medidas de 211 centímetros de diámetro e un peso duns 6211 quilos. Pero, a Berenguela foi a primeira campá da Torre do Reloxo? Pois non: a primeira campá que deu as horas nesta torre despois da reforma de Domingo de Andrade, mestre de obras da catedral nesta época, foi a que está de aniversario.

Para retroceder á orixe do tema, ímonos ata o ano de 1676, en concreto ao 21 de xaneiro, cando o Cabido decide remodelar a antiga torre do rei de Francia, coñecida así por albergar as campás doadas por Luís XI, moi devoto do Camiño e do apóstolo Santiago. Esas campás raxadas fai anos, mandáronse romper en 1664 e servirían como material para refundir outras novas. Volvendo a 1676, Domingo de Andrade comezará a reforma da devandita torre, pero uns meses antes xa se estaban a construír dúas campás, as dúas máis grandes que ten a torre das campás aínda hoxe en día: a campá Santa María Salomé, de 147 centímetros de diámetro e 1204 quilos de peso, hoxe coñecida como de San Luís; e a campá grande chamada A Concepción, de 211 centímetros de diámetro e un peso de 3.560 quilos, actualmente nomeada como Santiago o Maior. Estas foron fundidas polo mestre fundidor cántabro Juan Vélez de Palacio. O 8 de decembro de 1675 levouse a cabo a fundición das dúas campás, pero a campá maior, A Concepción, non saíu moi ben, e houbo que volver a fundila a primeiros de 1676, coas mesmas inscricións e medidas. En canto á remodelación da Torre do Reloxo, o Cabido quería, ou había a necesidade, de rematar axiña esta obra porque o ano de 1677 sería ano santo, e procurábase fermosear o torreón medieval da Quintana. Rematada a fundición da campá grande, xa non se lle chamara campá Concepción senón que pasaría a denominarse campá grande do reloxo. O motivo desta mudanza de nomes? Aproveitar que esta campá de grandes dimensións xa estaba construída e colocada na Torre do Reloxo, á que se subiría nese ano santo de 1677. Así, Domingo de Andrade recibiría unha gratificación de 100 ducados o 9 agosto de 1678, reci-



A campá Santiago o Maior ten máis de dous metros de diámetro e 3.560 quilos de peso. XOÁN A. SOLER

bindo os parabéns do Cabido de Compostela por ter colocada a nova campá no lugar de destino.

A chegada da Berenguela

A hoxe coñecida como campá Santiago o Maior daría as badaladas horarias ata 1729 cando sería substituída pola famosa campá Berenguela, fundida polo mestre cántabro Pedro de Güemes. Esta campá daría e dá, para multitude de lendas, como que foi levada por Almanzor a Córdoba xunto con outras campás, ou

que, a campá se chama Berenguela porque a Torre do Reloxo foi rematada por Berenguel de Landoira no século XIV. Evidentemente, nin Almanzor levou a Berenguela nin a Torre do Reloxo foi feita ou rematada por Berenguel de Landoira. A campá maior Concepción sería trasladada á torre das campás e alí empezaría a ser coñecida como Santiago o Maior. A día de hoxe, a xente que anda pola cidade de Santiago de Compostela, escoita as badaladas horarias des-

te gran sino. A xente que escoita o son das horas badaleiras fai 350 anos, témla sorte de escoitar ese mesmo son hoxe en día. O motivo é que a maquinaria do reloxo monumental feita por Andrés Antelo en 1831 necesita dun arranxo que en breve se fará, e mentres, a Berenguela descansa do seu labor para que Santiago o Maior faga horas extra.

Xosé Troiano é investigador e confundador da Asociación Cultural Campaneiros de Galicia

A CONCEPCIÓN OU SANTIAGO O MAIOR

Un aniversario marcado que cae o 8 de decembro

O investigador valenciano Francesc Llop é o autor dun dos informes máis completos das campás da catedral. No caso da chamada Santiago o Maior a inscrición que rexistrou foi: «Se hizo esta obra siendo arzobispo de esta iglesia el ilustrísimo y excelentísimo señor don Andrés Girón, vicario deán don Andrés Martínez de Loaya, canónigo fabriquero don Martín de Mier y caso arcediado de reina y canónigo. Día 8 de diciembre del año 1675». E ademais: «En alabanza, gloria y honra del santísimo sacramento del altar y de la reina de los ángeles (María) concebida sin pecado original en el primer instante de su concepción gloriosa y del santo apóstol Santiago singular patrón y defensor de las Españas».



Na imaxe de arquivo, o experto campaneiro Francesc Llop. s. ALONSO